

## ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN: ordinaria

NÚMERO: 2022/7

DATA: xoves 26 de maio de 2022

LUGAR: Salón de Plenos - Casa do Concello

HORA DE COMEZO: 20:04 h

HORA DE REMATE: 22:05 h

PRESIDE ADOLFO MUÍÑOS SÁNCHEZ

SECRETARÍA accidental VICENTA AVELINA CAMPAÑA MARTINEZ, que redacto esta acta.

### ASISTEN

BNG  
TOBIAS BETANZOS REGO  
RAQUEL GARCIA ABUIN  
JOSÉ VÁZQUEZ GONZÁLEZ  
HADRIANA ORDOÑEZ OTERO  
XUSTO XOSÉ ORDOÑEZ FIGUEIRA  
PP  
MARIANO MOARES RIAL  
ALICIA CAROU ROMERO  
FRANCISCO RUBIO VICENTE  
PSdeG-PSOE  
MARÍA DEL CARMEN FIGUEIRA ARES  
ROSA ANA GARCIA FIGUEIRA  
FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES  
Rianxo en Común-SON  
JULIO ALCALDE HERMO  
Ciudadanos  
SARA MARÍA RESUA PATIÑO

### AUSENTES

PP  
GERMAN ALLUT VIDAL  
PSdeG-PSOE  
MARÍA JOSÉ TEMBRA MUÑÍZ  
Rianxo en Común-SON  
JULIAN BUSTELO ABUIN

### ORDE DO DÍA

1. APROBACIÓN ACTA 6 PLENO ORDINARIO DE 28 DE ABRIL DE 2022
2. MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DA MESA LOCAL DE COMERCIO DO CONCELLO DE RIANXO
3. PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE RIANXO (PMPDIF) REMITIDO POR SEAGA
4. PROPOSTA DE APOIO A ORGANIZACIÓN GALEGA DE COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS E MAN COMÚN (R.E. Nº 202200000001569 DE 10/05/2022)
5. PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL PSDEG-PSOE, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A QUE TOME MEDIDAS URXENTES PARA MELLORAR A ATENCIÓN DAS PERSOAS USUARIAS DO CENTRO DE SAÚDE DE RIANXO NA QUENDA DE TARDE. (R.E. Nº 202200000001723 DE 20/05/2022)
6. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO
7. DACIÓN DE CONTA DO INFORME SOBRE O RESULTADO DO CONTROL INTERNO EN 2021 (ICI 2021)
8. ROGOS E PREGUNTAS

ACORDOS

### DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2022/G010/000007 e identificado pola pegada dixital:

**b70777dc4f4aa32d3b19963338e4863013dd99284435afe91028914c49b72af4**

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://www.youtube.com/watch?v=H5Xb7dtzqvE>

PROPOSTAS ORDINARIAS

**PARTE RESOLUTIVA**

## **1 APROBACIÓN ACTA 6 PLENO ORDINARIO DE 28 DE ABRIL DE 2022**

A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 6/2022 de 28/04/2022.

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 28/04/2022, Acta nº 6/2022.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

## **2 MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DA MESA LOCAL DE COMERCIO DO CONCELLO DE RIANXO**

Dáse lectura da proposta presentada:

Por acordo plenario de 18.07.2019, acordouse nomear como representantes municipais na Mesa Local de comercio, considerando a existencia de 1 soa asociación empresarial rianxeira, e ante a ausencia de asociación de consumidores e usuarios, contar con unha a nivel provincial, a 2 concelleiros, sendo 1 Maria del Carmen Figueiras Ares, e 1 do grupo político municipal distinto aos do goberno.

Con data 24.07.2020 por acordos dos tres grupos municipais Partido Popular, Rianxo e Común e Ciudadanos, preséntase un escrito no Rexistro de entrada do Concello co núm. 20200000002627, nomeando como representante da corporación na Mesa Local de Comercio ao concelleiro do Partido Popular d. Mariano José Moares Rial.

Con data 22.10.2020, da sesión extraordinaria núm. 1/2020 da Mesa de Comercio Local acórdase configurar a referida mesa ca seguinte composición:

Presidenta: María del Carmen Figueira Ares (primeira tenente de alcalde do Concello de Rianxo).

Vocais: Mariano José Moares Rial (concelleiro do Concello de Rianxo).

Diego Rodríguez Gey (en representación da ARE)

José Manuel Pérez Álvarez (representante da Xunta de Galicia)

Miguel López Crespo (representante da Unión de Consumidores de Galicia-UCGAL)

Secretaria: María José Figueiriño Tubío (AEDL municipal)

Con data 11.11.2021 (RE núm. 202199900001986 dona Margarita Silva Álvarez en presentación da Asociación de Comerciantes, Servizos e Hostalería Somos Rianxo, solicita a participación da referida asociación na Mesa Local de Comercio do Concello de Rianxo.

Con data 24.03.2022 co RE núm. 202299900000432 presenta na sede electrónica do Concello a Asociación de Comerciantes, Servizos e Hostalería Somos Rianxo a documentación xustificativa da inscrición da referida Asociación de Comerciantes, Servizos e Hostalería Somos Rianxo no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia e o nomeamento da mesma como representante da indicada Asociación, indicando así mesmo o seu obxecto nos Estatutos da mesma.

Conforme ao disposto no artigo 5 .1 c) do Decreto 183/2011, de 15 de setembro, polo que se regulan as mesas locais de comercio, integrarán a mesa local de comercio “O número de representantes da Administración Local **que sexa necesario para igualar a representación municipal coa das asociacións** de persoas comerciantes e consumidoras, entre os que figurará o alcalde/alcaldesa ou persoa en quen delegue, que exercerá as funcións da presidencia das mesas locais de comercio”.

En atención ao anterior, de acordo co disposto no artigo 38.c) do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e considerando a solicitude efectuada pola Asociación de Comerciantes, Servizos e Hostalería Somos Rianxo para formar parte da citada mesa local de comercio, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

#### PRIMEIRO

Propónse a modificación da composición da Mesa Local de Comercio, aos efectos quedando constituída cos seguintes membros:

##### Presidente

Alcalde do Concello de Rianxo, ou concelleiro no que delegue (actualmente está delegada en María del Carmen Figueira Ares).

##### Vocais:

- 1 Representante da ARE
- 1 Representante da Unión de Consumidores de Galicia-UCGAL.
- 1 Representante da Asociación de Comerciantes, Servizos e Hostalería Somos Rianxo.

- **2 concelleiros en representación da Administración Local (ademais do Alcalde ou concelleiro no que delegue):**

- **1 deles do grupo político municipal distinto aos do goberno, previa proposta formulada polos voceiros dos mesmos** (actualmente está designado por escrito presentado no Rexistro de entrada do Concello co núm. 20200000002627 por Mariano José Moares Rial ( PP)
- **Tobías Betanzos Rego ( BNG)**

Secretaria:

Empregado público a designar por resolución de alcaldía.

De acordo co disposto no artigo 8.2 f) do Decreto 183/2011, de 15 de setembro, con motivo da renovación da Corporación, procederá a renovación dos membros designados pola Corporación Local.

SEGUNDO

Notificar lo presente acordo aos Concelleiros/as designados e ao resto de organismos que compoñen a referida Mesa de Comercio Local.

### **DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA**

Sometida a proposta a votación, DITAMÍNASE FAVORABLEMENTE a mesma por unanimidade dos membros presentes, propoñendo ao Pleno do Concello A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

#### **PRIMEIRO**

Proponse a modificación da composición da Mesa Local de Comercio, aos efectos quedando constituída cos seguintes membros:

Presidente

Alcalde do Concello de Rianxo, ou concelleiro no que delegue (actualmente está delegada en María del Carmen Figueira Ares).

Vocais:

- 1 Representante da ARE
- 1 Representante da Unión de Consumidores de Galicia-UCGAL.
- 1 Representante da Asociación de Comerciantes, Servizos e Hostalería Somos Rianxo.
- **2 concelleiros en representación da Administración Local (ademais do Alcalde ou**

**concelleiro no que delegue):**

- 1. 1 deles do grupo político municipal distinto aos do goberno, previa proposta formulada polos voceiros dos mesmos** (actualmente está designado por escrito presentado no Rexistro de entrada do Concello co núm. 20200000002627 por Mariano José Moares Rial ( PP)

- 2. Tobías Betanzos Rego ( BNG)**

Secretaria:

Empregado público a designar por resolución de alcaldía.

De acordo co disposto no artigo 8.2 f) do Decreto 183/2011, de 15 de setembro, con motivo da renovación da Corporación, procederá a renovación dos membros designados pola Corporación Local.

## **SEGUNDO**

Notificar lo presente acordo aos Concelleiros/as designados e ao resto de organismos que compoñen a referida Mesa de Comercio Local.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

## **3 PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE RIANXO (PMPDIF) REMITIDO POR SEAGA**

Dáse lectura da proposta presentada:

### **ANTECEDENTES**

1. Con data 16.05.2019 o Concello de Rianxo notifica a adhesión ao “Convenio de Colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias”, asinado o día 9 de agosto de 2018.
2. Con data 05.11.2019 a Empresa Pública de Servicios Agrarios Galegos, S.A. (SEAGA) presenta no RE do Concello co núm. 20190000005471 o Plan Municipal de Prevención de Incendios Forestais (PMPDIF).
3. Con DATA 28.11.2019 o Pleno do Concello de Rianxo, adopta o seguinte acordo en relación co Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Rianxo:

“.../...”

**Primeiro:** APROBAR INICIALMENTE o “Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Rianxo”, elaborado polos técnicos competentes da entidade pola Empresa Pública de Servicios Agrarios Galegos, S.A. (Seaga) de data setembro de 2019, e remitido a este Concello en data 5 de novembro de 2019, ao abeiro do Convenio de Colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias, convenio ao que está adherido este Concello.

**Segundo:** Someter o “Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Rianxo ó trámite de **INFORMACIÓN PÚBLICA** polo prazo de **20 DÍAS HÁBILES**, a contar dende a publicación do correspondente anuncio no BOP da Coruña, a fin de que as persoas que o desexen poidan formular as correspondentes alegacións, observacións e suxestións.

**Terceiro:** PUBLICAR o “Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Rianxo”, na páxina web do Concello de Rianxo (<http://www.concelloderianxo.gal>), quedando, así mesmo, a disposición do público en xeral nas dependencias da Casa Consistorial do Concello de Rianxo, sito na Pza. Castelao, 1 - 15920 - Rianxo (A Coruña).

**Cuarto:** DAR TRASLADO do presente acordo, xunto coa documentación completa do plan, unha vez rematado o período de información pública, coas alegacións que, no seu caso, se tivesen presentado, á Dirección Xeral de Ordenación Forestal da Consellería de Medio Rural aos efectos da emisión do correspondente informe preceptivo e vinculante previo á aprobación definitiva (art. 16.3 da LPDIFG).

4. Con data 04.12.2019 publicase no BOP núm. 231 o anuncio de exposición ao público da aprobación inicial do documento do Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do concello de Rianxo, polo prazo de 20 días hábiles, publicándose tamén na páxina web do Concello e no taboleiro do mesmo.

5. Con data 11.12.2019 preséntase alegación ao Plan Municipal de Prevención e defensa contra os Incendios Forestais do Concello de Rianxo, na sede electrónica do Concello de Rianxo núm. 201999900000847 por José Fernando Enjamio Gándaras en representación do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia.

6. Con data 30.12.2019 preséntase alegación ao Plan Municipal de Prevención e defensa contra os Incendios Forestais do Concello de Rianxo, na sede electrónica do Concello de Rianxo núm. 201999900000914 por Javier Bustelo Otero.

7. Con data 30.12.2019 preséntase alegación ao Plan Municipal de Prevención e defensa contra os Incendios Forestais do Concello de Rianxo, na sede electrónica do Concello de Rianxo núm. 201999900000913 por Julian Bustelo Abuín.

8. Con data 07.01.2020 preséntase alegación ao Plan Municipal de Prevención e defensa contra os Incendios Forestais do Concello de Rianxo, no RE do Concello de Rianxo núm.

2020900000000046 por Diego Rodríguez Lojo.

9. Con data 03.01.2020 preséntase alegación ao Plan Municipal de Prevención e defensa contra os Incendios Forestais do Concello de Rianxo, no RE do Concello de Rianxo núm. 202000000000028 por Adolfo Muíños Sánchez, alcalde do concello, en representación do Concello de Rianxo.

10. Con data 03.01.2020 preséntase alegación ao Plan Municipal de Prevención e defensa contra os Incendios Forestais do Concello de Rianxo, no RE do Concello de Rianxo núm. 202000000000025 por Concepción Figueira Franco.

11. Con data 03.01.2020 preséntase alegación ao Plan Municipal de Prevención e defensa contra os Incendios Forestais do Concello de Rianxo, no RE do Concello de Rianxo núm. 202000000000026 por María Emilia Figueira Franco.

12. Con data 03.01.2020 preséntase alegación ao Plan Municipal de Prevención e defensa contra os Incendios Forestais do Concello de Rianxo, no RE do Concello de Rianxo núm. 202000000000030 por Adolfo Muíños Sánchez, alcalde do Concello de Rianxo, en presentación do concello.

13. Con data 07.01.2020 preséntase alegación ao Plan Municipal de Prevención e defensa contra os Incendios Forestais do Concello de Rianxo, no RE do Concello de Rianxo núm. 202000000000047 por Cristina Lobato Rey en representación da Asociación de Veciños do Araño, no seu cargo de Presidenta.

14. Con data 07.01.2020 preséntase alegación ao Plan Municipal de Prevención e defensa contra os Incendios Forestais do Concello de Rianxo, no RE do Concello de Rianxo núm. 202000000000062 por M<sup>a</sup> Angeles Miguéns García, en presentación da Comunidade de Montes de Leiro.

15. Con data 14.01.2022 emítese certificación da secretaría do Concello do resultado da exposición ao público da aprobación inicial do documento do Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello de Rianxo, facendo constar que se presentaron 10 alegacións ao mesmo.

16. Con data 15.01.2020 solicítase da Dirección Xeral de Defensa do Monte, Subdirección Xeral de Prevención a emisión de informe previsto no artigo 16.3 da Lei 3/2007, unha vez rematado o período de exposición pública do Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello de Rianxo.

17. Con data 02.09.2021 remítese pola Dirección Xeral de Defensa do Monte da Consellería de Medio Rural o Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Rianxo, asinado por técnicos forestais e o **informe favorable** sobre o Plan Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello de Rianxo, que se transcribe a continuación:



*"INFORME SOBRE O PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE RIANXO*

Solicitante: **Concello de Rianxo**

**FEITOS**

*O Concello de Rianxo, adheriuse en Setembro de 2018 ao Convenio de Colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias (en diante Fegamp) e a Empresa Pública de Servicios Agrarios Galegos, S.A. (en diante Seaga) en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.*

*Con data 05 de novembro de 2019, a Dirección Xeral de Defensa do Monte da Consellería do Medio Rural, en virtude do establecido no devandito Convenio de Colaboración, remitiu ao Concello de Rianxo o Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Rianxo, elaborado por Seaga en Setembro, xunto coas claves de acceso ao visor público.*

*O alcalde do Concello de Rianxo, no seu escrito de data 13 de decembro de 2019, informa que, no Pleno da Corporación do Concello de Rianxo, en sesión ordinaria do xoves 28 de novembro de 2019, levouse a cabo a aprobación inicial do documento do Plan Municipal de Prevención e defensa contra os incendios forestais do concello de Rianxo. Finalizado o prazo de exposición ao público do devandito Plan trala súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña número 231 do mércores 4 de decembro de 2019. Durante o período de exposición pública presentáronse un total de 10 alegacións, por parte do Colexio de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia, do propio Concello e de persoas particulares. Acordouse solicitar á Dirección Xeral de Defensa do Monte o informe preceptivo e de carácter vinculante sobre o devandito Plan a fin de proceder a súa aprobación polo Pleno Municipal.*

**CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS**

*No artigo 7 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia establécese que corresponde aos concellos elaborar e aprobar os plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, con arranxo ao previsto na devandita Lei e na lexislación galega de montes, e integralos nos plans de emerxencia municipais, de acordo co previsto na lexislación galega de emerxencias.*

*Polo que respecta ao procedemento de aprobación dos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, no artigo 16.3 da Lei 3/2007, do 9 de abril, establécese que a dirección xeral competente en materia forestal emitirá informe preceptivamente e con carácter vinculante sobre os plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais antes da súa aprobación.*

*En virtude do establecido no artigo 11 do Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, correspóndelle á Dirección Xeral de Defensa do Monte emitir o informe preceptivo e vinculante contemplado no artigo 16.3 da Lei 3/2007, do 9 de abril.*

*O sistema público de xestión da biomasa que se establece no devandito convenio inclúe entre as súas actuacións a colaboración técnica da Administración da Comunidade Autónoma para a tramitación do planeamento municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais.*

*Coa finalidade de mellorar a transparencia do sistema, tal e como contempla o devandito convenio desenvolveuse un visor en que se mostra e se mantén actualizada a rede secundaria de faixas de xestión da biomasa dos concellos adheridos. Ademais, tal e como establece a cláusula quinta bis do devandito convenio, desenvolveuse unha plataforma integral para a xestión da biomasa, cuxo obxectivo é dar soporte informático as actuacións dos distintos actores que interveñen no convenio e que permita unha rastrexabilidade de todas as actuacións realizadas polos concellos, por Seaga, pola Administración autonómica e polos cidadáns con parcelas nas devanditas faixas. En concreto, en outros, comprende a xestión dos seguintes aspectos:*

- Xestión das parcelas incluídas nas faixas e da titularidade destas.*
- Xestión dos plans anuais de actuación sobre as devanditas faixas, e as actuacións concretas asociadas.*
- Xestión da comunicación cos titulares.*
- Xestión da relación dos titulares coas devanditas actuacións, incluíndo xestión contractual*
- Xestión de inspeccións nas devanditas faixas.*

*Logo de revisar o Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Rianxo comprobouse o seguinte:*

- ◆ O Plan define as redes secundarias de faixas de xestión de biomasa nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitados segundo planeamento municipal achegado polo Concello de Rianxo.*
- ◆ Tamén define as redes secundarias de faixas de xestión de biomasa arredor das edificacións destinadas ás persoas, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasoleiras e parques e instalacións industriais situados a menos de 400 metros do monte e arredor das edificacións illadas destinadas ás persoas en solo rústico situadas a máis de 400 metros do monte.*
- ◆ O Plan inclúe os planos que reflicten as devanditas redes así como unha relación de parcelas afectadas, coa referencia catastral, a superficie total en m<sup>2</sup>, a superficie afectada en m<sup>2</sup> e a porcentaxe de superficie afectada. O visor e a plataforma postas a disposición*

*dos concellos adheridos ao convenio enriba mencionado permite unha análise de detalle da propiedade destas parcelas, segundo o establecido na Instrución 1/2018, do 26 de abril, xa que manexa a información catastral dispoñible. Polo tanto, considérase que é suficiente a identificación das parcelas incluídas na rede de faixas secundarias*

- ◆ *No artigo 16.4 da Lei 3/2007, do 9 de abril, establécese que o ámbito do plan poderá ser de todo o concello ou ilo desenvolvendo por zonas, polo que no futuro, o plan deberá ampliarse e actualizarse para, de acordo co establecido no artigo 16.2, incluír:*
  - ◆ *A rede de pistas, vías, camiños, estradas de titularidade municipal*
  - ◆ *Os montes de titularidade municipal*

*Para a ampliación e actualización do Plan, o Concello de Rianxo poderá contar co colaboración técnica da Administración da Comunidade Autónoma, en virtude do convenio enriba mencionado.*

## **ALEGACIÓNS PRESENTADAS AO PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE RIANXO**

### **1. Alegacións presentadas polo Colexio de enxeñeiros técnicos de Galicia**

*En resposta á primeira alegación relativa ao incumprimento do requisito de autoría, acompaña a este informe o Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Rianxo asinado por técnicos competentes en materia forestal, tal e como establece o artigo 13.6 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. A versión do Plan remitida ao Concello de Rianxo estaba suxeita a revisión, sendo asinada polos seus autores unha vez recibida a información da súa aprobación inicial por parte do devandito Concello.*

*En resposta á segunda alegación relativa ao incumprimento da normativa en materia de emerxencias, a entidade alegante, na súa alegación, obvia o establecido no artigo 16.4 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, que establece que o ámbito do plan poderá ser de todo o concello ou ilo desenvolvendo por zonas. Respecto á non definición ni concreción dos membros e funcións do CECOPAL e do director do PAM, e outros puntos mencionados na alegación, a entidade alegante parece ignorar que o plan de acción municipal (PAM) é un documento contemplado no plan Especial de Protección Civil ante emerxencias por incendios forestais na Comunidade Autónoma de Galicia (PEIFOGA) e que non todos os concellos están obrigados a elaboralo senón só aqueles con todo ou parte do seu territorio en zonas de alto risco (ZAR), así como aqueles con risco alto ou moi alto.*

*A elaboración dos PAM corresponde aos concellos, pero a súa homologación é unha competencia da Comisión Galega de Protección Civil, un ámbito sobre a que a Dirección Xeral de Defensa do Monte non ten competencia ningunha, aínda que ten representación na devandita Comisión. Outra cuestión distinta é a integración dos plans de prevención e defensa contra incendios forestais contemplados na*

*Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, nos PAM, cousa que está contemplada no PEIFOGA e no propio artigo 16 da Lei 3/2007*

*En resposta á terceira alegación é preciso reiterar o indicado enriba en canto ao establecido no artigo 16.4 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, e que, en liña co que se recolle no derradeiro parágrafo do apartado anterior, nunha fase posterior, a planimetría sinalada nos puntos 2.2, 2.3 e 2.4 incluírase no plan unha vez que se delimiten as faixas secundarias de xestión de biomasa arredor das vivendas illadas, e se inclúa o inventario da rede de pistas, vías, camiños e estradas de titularidade municipal e dos montes de titularidade municipal, se os houber.*

## **2. Alegacións presentadas por Don Julián Bustelo Otero**

*En resposta a alegación, na que solicitaba a inclusión na rede secundaria de faixas de xestión da biomasa dos contornos de protección dos bens catalogados e dos Bens de Interese Cultural sitios no termo municipal de Rianxo, seguindo as delimitacións establecidas no Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Rianxo aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación na sesión ordinaria do 30 de outubro de 2014 (publicado no DOG o 3 de decembro de 2014), o artigo 21.1 da lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, fai referencia a que a franxa dos 50 m será:*

*a) Perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, sen prexuízo do disposto na disposición transitoria quinta.*

*b) Arredor das edificacións destinadas ás persoas, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasoleiras e parques e instalacións industriais situadas a menos de 400 metros do monte.*

*c) Arredor das edificacións illada destinadas ás persoas en solo rústico situadas a máis de 400 metros do monte.*

*Non sendo os bens catalogados e os Bens de Interese Cultural, elementos aos que lles aplicar a franxa de 50 metros de protección, a non ser que entren dentro dalgunha das categorías incluídas nos puntos b) e c).*

## **3. Alegacións presentadas por Don Javier Bustelo Otero**

*En resposta á primeira alegación relativa ao incumprimento do requisito de autoría, acompaña a este informe o Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Rianxo asinado por técnicos competentes en materia forestal, tal e como establece o artigo 13.6 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. A versión do Plan remitida ao Concello de Rianxo estaba suxeita a revisión, sendo asinada polos seus autores unha vez recibida a información da súa aprobación inicial por parte do devandito Concello.*

*En resposta á segunda alegación relativa ao incumprimento da normativa en materia de emerxencias,*

*a entidade alegante, na súa alegación, obvia o establecido no artigo 16.4 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, que establece que o ámbito do plan poderá ser de todo o concello ou ilo desenvolvendo por zonas. Respecto á non definición ni concreción dos membros e funcións do CECOPAL e do director do PAM, e outros puntos mencionados na alegación, a entidade alegante parece ignorar que o plan de acción municipal (PAM) é un documento contemplado no plan Especial de Protección Civil ante emerxencias por incendios forestais na Comunidade Autónoma de Galicia (PEIFOGA) e que non todos os concellos están obrigados a elaboralo senón só aqueles con todo ou parte do seu territorio en zonas de alto risco (ZAR), así como aqueles con risco alto ou moi alto. A elaboración dos PAM corresponde aos concellos, pero a súa homologación é unha competencia da Comisión Galega de Protección Civil, un ámbito sobre a que a Dirección Xeral de Defensa do Monte non ten competencia ningunha, aínda que ten representación na devandita Comisión. Outra cuestión distinta é a integración dos plans de prevención e defensa contra incendios forestais contemplados na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, nos PAM, cousa que está contemplada no PEIFOGA e no propio artigo 16 da Lei 3/2007.*

*En resposta á terceira alegación é preciso reiterar o indicado enriba en canto ao establecido no artigo 16.4 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, e que, en liña co que se recolle no derradeiro parágrafo do apartado anterior, nunha fase posterior, a planimetría sinalada nos puntos 2.2, 2.3 e 2.4 incluírase no plan unha vez que se delimiten as faixas secundarias de xestión de biomasa arredor das vivendas illadas, e se inclúa o inventario da rede de pistas, vías, camiños e estradas de titularidade municipal e dos montes de titularidade municipal, se os houber.*

*En resposta á quinta alegación, na que fala da falta de integración cos instrumentos de ordenación ou de xestión forestal, o punto 5 do artigo 13 da lei 3/2007, di que no nivel inframunicipal os instrumentos de xestión terán en conta o establecido nos plans de prevención e defensa contra os incendios forestais de distrito e nos planes de emerxencias municipais e , en todo caso, o establecido con carácter xeral no Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.*

*En resposta á sexta alegación, na que se di que atendendo o punto 2 do artigo 16 da lei 3/2007 que di que a estrutura dos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais axustarase as directrices que estableza a normativa aplicable en materia de emerxencias. En todo caso, incluírá a rede de pistas, vías, camiños e estradas e montes de titularidade municipal e a definición das redes de faixas secundarias, así como a análise da propiedade destas redes de faixas.*

*No punto 4 do artigo 20 expón que, “as redes secundarias de faixas de xestión da biomasa teñen un ámbito municipal e posúen a función prioritaria de protección dos núcleos de poboación, as infraestruturas, os equipamentos sociais, as zonas edificadas, os parques e os polígonos industriais”, e manifesta que se inclúen elementos que non aparecen no citado artigo.*

*Segundo o artigo 21.1 da lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, fai referencia a que a franxa dos 50 m será:*

- a) Perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, sen prexuízo do disposto na disposición transitoria quinta.*
- b) Arredor das edificacións destinadas ás persoas, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasolineras e parques e instalacións industriais situadas a menos de 400 metros do monte.*
- c) Arredor das edificacións illadas destinadas ás persoas en solo rústico situadas a máis de 400 metros do monte.*

*Conforme a esta alegación elimínanse do Plan todos os elementos que non entren dentro dalgunha das categorías incluídas nos puntos b) e c).*

#### **4. Alegación presentada por Dona Concepción Figueira Franco**

*En resposta á alegación presentada relativa a que a referencia catastral 15073A040019610000FB, hai edificada unha casa dende 1959 e que esta non figura no plan de incendios, no artigo 21.1.b) da Lei 3/2007, do 9 de abril, di que se establecerá a franxa dos 50 metros arredor das edificacións destinadas ás persoas, vivendas illada, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasolineras e parques e instalacións industriais situadas a menos de 400 metros do monte. Quedando acreditada a existencia dunha edificación nesa referencia catastral e a súa necesidade de protección, incorpórase dita vivenda ao Plan.*

#### **5. Alegación presentada por Dona María Emilia Figueira Franco**

*En resposta á alegación presentada relativa a que se lle esixe a limpeza da parcela con referencia catastral 15073A040020130000FF, se informa que dita referencia catastral non está afectada polo Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Rianxo, elaborado por Seaga.*

#### **6. Alegación presentada polo Concello de Rianxo**

*En resposta á alegación presentada relativa a incluír no Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Rianxo os depósitos de Ulla en Abuín, Isorna e Taragona, no artigo 21.1 da lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, fai referencia a que a franxa dos 50 m será:*

- a) Perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, sen prexuízo do disposto na disposición transitoria quinta.*
- b) Arredor das edificacións destinadas ás persoas, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasolineras e parques e instalacións industriais situadas a menos de 400 metros do monte.*
- c) Arredor das edificacións illada destinadas ás persoas en solo rústico situadas a máis de 400 metros*

do monte.

*Non serían, polo tanto, os devanditos depósitos, elementos aos que lles aplicar a franxa de 50 metros de protección, a non ser que entren dentro dalgunha das categorías incluídas nos puntos b) e c).*

### **7. Alegación presentada polo Concello de Rianxo**

*En resposta á alegación presentada relativa a incluír no Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Rianxo a depuradora de Leiro na franxa de seguridade do plan, no artigo 21.1 da lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, fai referencia a que a franxa dos 50 m será:*

- a) Perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, sen prexuízo do disposto na disposición transitoria quinta.*
- b) Arredor das edificacións destinadas ás persoas, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasolineras e parques e instalacións industriais situadas a menos de 400 metros do monte.*
- c) Arredor das edificacións illada destinadas ás persoas en solo rústico situadas a máis de 400 metros do monte.*

*Non sería polo tanto, esta instalación un elemento aos que lle aplicar a franxa de 50 metros de protección, a non ser que entre dentro dalgunha das categorías incluídas nos puntos b) e c).*

### **8. Alegación presentada por Don Diego Rodríguez Lojo**

*En resposta á alegación presentada relativa á existencia dunhas fontes preto da aldea de Xufrens que dan subministro a 10 vivendas e que queren incluílas no Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Rianxo, no artigo 21.1 da lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, fai referencia a que a franxa dos 50 m será:*

- a) Perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, sen prexuízo do disposto na disposición transitoria quinta.*
- b) Arredor das edificacións destinadas ás persoas, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasolineras e parques e instalacións industriais situadas a menos de 400 metros do monte.*
- c) Arredor das edificacións illada destinadas ás persoas en solo rústico situadas a máis de 400 metros do monte.*

*Os elementos aos que se fai mención nesta alegación, xa se atopan incluídos no Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Rianxo, como se pode observar na cartografía de dito documento, xa que é na edificación que se indica na alegación onde se atopa o límite deste núcleo rural, segundo o planeamento urbanístico vixente do Concello.*

### **9. Alegación presentada por Dona Cristina Lobato Rey en representación da Asociación de veciños de Araño**

*En resposta á primeira alegación presentada relativa á que se lle outorgue a súa correspondente franxa de protección a os depósitos de augas comunais (arquetas), no artigo 21.1 da lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, fai referencia a que a franxa dos 50 m será:*

*a) Perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, sen prexuízo do disposto na disposición transitoria quinta.*

*b) Arredor das edificacións destinadas ás persoas, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasoleiras e parques e instalacións industriais situadas a menos de 400 metros do monte.*

*c) Arredor das edificacións illada destinadas ás persoas en solo rústico situadas a máis de 400 metros do monte.*

*Polo que estes elementos quedan fora do ámbito de aplicación desta lei.*

*En resposta á segunda e terceira alegación, na que solicita a inclusión na rede secundaria de faixas de xestión da biomasa de O Castro de Araño e o hórreo de Araño, respectivamente, o artigo 21.1 da lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, fai referencia a que a franxa dos 50 m será:*

*a) Perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, sen prexuízo do disposto na disposición transitoria quinta.*

*b) Arredor das edificacións destinadas ás persoas, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasoleiras e parques e instalacións industriais situadas a menos de 400 metros do monte.*

*c) Arredor das edificacións illada destinadas ás persoas en solo rústico situadas a máis de 400 metros do monte.*

*Non serían estes elementos susceptibles de aplicación da franxa de seguridade de 50 metros de protección, a non ser que entren dentro dalgunha das categorías incluídas nos puntos b) e c).*

#### **10. Alegacións presentadas por Dona María Ángeles Miguens García en representación da Comunidade de Montes de Leiro**

*En resposta á primeira alegación na que se di que non se recolle de forma correcta a superficie que ocupan os terreos pertencentes á Comunidade de Montes de Leiro, consultada a base cartográfica do catastro esta superficie se corresponde coa que se recolle no Plan.*

*En resposta á segunda alegación na que se di que se lle aplica franxas de protección de 50 m a construcións destinadas a albergar depósitos de auga das diferentes traídas da parroquia, consonte o establecido no artigo 21.1 da lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, fai referencia a que a franxa dos 50 m será:*

*a) Perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, sen prexuízo do disposto na disposición transitoria quinta.*



*b) Arredor das edificacións destinadas ás persoas, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasoleiras e parques e instalacións industriais situadas a menos de 400 metros do monte.*

*c) Arredor das edificacións illada destinadas ás persoas en solo rústico situadas a máis de 400 metros do monte.*

*Non sendo estes, elementos aos que lles aplicar a franxa de 50 metros de proteccións, a non ser que entren dentro dalgunha das categoría incluídas nos puntos b) e c).*

*En resposta á terceira alegación, en relación a non presentación dun estudio completo e rigoroso sobre os incendios que afectan ó concello nin das causas dos incendios, á cuarta alegación respecto a non representación das redes primarias e terciarias de faixas de xestión de biomasa, nin os montes de titularidade municipal ou redes eléctricas, á quinta alegación na que se di que non se identifican as posibles edificacións e construcións feitas sen licenza municipal ou incumprindo os termos do proxecto de construcións e os seus propietarios e á sexta alegación, na que se fai referencia a que o Plan carece de información tal como a descrición actual do concello a nivel de riscos, características socioeconómicas...., no artigo 16.2, da lei 3/2007, di que a estrutura dos plan municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais axustarase ás directrices que estableza a normativa aplicable en materia de emerxencias. En todo caso, incluírá a rede das pistas, vías, camiños, estradas e montes de titularidade municipal e a definición das redes de faixas secundarias, así como a análise da propiedade destas redes de faixas. Poderán incluír ordenanzas de prevención de incendios concordantes co obxecto desta lei en solo urbano, de núcleo rural e urbanizable situado a menos de 400 metros do monte.*

*Polo tanto a excepción dos montes de titularidade municipal que si que serían materia de estudio deste Plan, pero se obvia o que di o artigo 16.4, que, o ámbito do plan poderá ser de todo o concello ou ilo desenvolvendo por zonas.*

## **INFORME**

*O Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello Rianxo cumpre cos requisitos mínimos establecidos no artigo 16 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, para a súa aprobación.*

*En consecuencia, en vista do exposto anteriormente, esta Subdirección Xeral **informa favorablemente** a delimitación das redes secundarias de faixas de xestión da biomasa do Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais de Rianxo, definidas nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, tal e como se establece no artigo 21.1.a) da Lei 3/2007, do 9 de abril e a delimitación das redes secundarias de faixas de xestión de biomasa arredor das edificacións destinadas ás persoas, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasoleiras e parques e instalacións industriais situados a menos de 400 metros do monte e arredor das edificacións illadas destinadas ás persoas en solo rústico situadas a máis de 400 metros do monte, tal como se*

*establece no artigo 21.1.b) da Lei 3/2007, do 9 de abril.*

*Santiago de Compostela, data da sinatura electrónica*

*O director xeral de Defensa do Monte*

*Manuel Rodríguez Vázquez"*

Á vista da documentación que forma parte do expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 7 e 16 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, esta Alcaldía no exercicio da competencia prevista no artigo 21.1.f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, proponlle á Comisión Informativa correspondente que ditamine favorablemente a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Respecto ás alegacións formuladas durante o período de exposición pública:

- 1. Desestimar as alegacións formuladas polo Colexio oficial de enxeñeiros técnicos de Galicia polos motivos recollidos no informe de data 02.09.2021 emitido polo director xeral de Defensa do Monte que figura no expediente, que serve de motivación a este acordo.*
- 2. Desestimar as alegacións formuladas por Julián Bustelo Abuín polos motivos recollidos no informe de data 02.09.2021 emitido polo director xeral de Defensa do Monte que figura no expediente, que serve de motivación a este acordo.*
- 3. Desestimar as alegacións 1ª a 5ª formuladas por Javier Bustelo Otero polos motivos recollidos no informe de data 02.09.2021 emitido polo director xeral de Defensa do Monte que figura no expediente, que serve de motivación a este acordo e estimar a alegación 6ª nos termos indicados polos motivos recollidos no informe de data 02.09.2021 emitido polo director xeral de Defensa do Monte que figura no expediente, que serve de motivación a este acordo.*
- 4. Estimar as alegacións formuladas por Concepción Figueira Franco polos motivos recollidos no informe de data 02.09.2021 emitido polo director xeral de Defensa do Monte que figura no expediente.*
- 5. Desestimar as alegacións formuladas por María Emilia Figueira Franco motivos recollidos no informe de data 02.09.2021 emitido polo director xeral de Defensa do Monte que figura no expediente.*
- 6. Desestimar as alegacións formuladas por Diego Rodríguez Lojo motivos recollidos no informe de data 02.09.2021 emitido polo director xeral de Defensa do Monte que figura no expediente.*
- 7. Desestimar as alegacións formuladas por Cristina Lobato Rey en representación da Asociación de Veciños do Araño polos motivos recollidos no informe de data 02.09.2021 emitido polo director xeral de Defensa do Monte que figura no expediente.*
- 8. Desestimar as alegacións formuladas por María Ángeles Miguens García en representación da Comunidade Montes de Leiro polos motivos recollidos no informe de data 02.09.2021 emitido polo director xeral de Defensa do Monte que figura no expediente.*

**SEGUNDO.-** Aprobar definitivamente a delimitación das redes secundarias de faixas de xestión de biomasa do Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Rianxo (PMPDIF), elaborado pola Empresa pública de Servizos Agrarios, SA (SEAGA) ao abeiro do Convenio colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias (DOG nº 156, do 17/08/2018), ao que o Concello de Rianxo está adherido, aprobación que se refire ao documento asinado por técnicos forestais competentes e recibido no Concello de Rianxo en data de 21.09.2021 mediante oficio do director xeral de Defensa do Monte.

**TERCEIRO.-** Notificar o presenta acordo aos interesados que presentaron alegacións indicados no punto primeiro do presente acordo.

**CUARTO.-** Publicar no BOP e na sede electrónica do Concello anuncio relativo á aprobación definitiva do referido Plan Municipal de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais do Concello de Rianxo.

**QUINTO.-** Dar traslado do acordo á Dirección Xeral de Defensa do Monte.

### **DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA**

Sometida a proposta a votación, ditamínase favorablemente a mesma por 7 votos a favor do (3 BNG, 2 PsdeG\_PSOE, 2 do PP), 1 abstención de REC e ningún voto en contra, proponendo ao Pleno do Concello A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Respecto ás alegacións formuladas durante o período de exposición pública:

- 1. Desestimar as alegacións formuladas polo Colexio oficial de enxeñeiros técnicos de Galicia polos motivos recollidos no informe de data 02.09.2021 emitido polo director xeral de Defensa do Monte que figura no expediente, que serve de motivación a este acordo.*
- 2. Desestimar as alegacións formuladas por Julián Bustelo Abuín polos motivos recollidos no informe de data 02.09.2021 emitido polo director xeral de Defensa do Monte que figura no expediente, que serve de motivación a este acordo.*
- 3. Desestimar as alegacións 1ª a 5ª formuladas por Javier Bustelo Otero polos motivos recollidos no informe de data 02.09.2021 emitido polo director xeral de Defensa do Monte que figura no expediente, que serve de motivación a este acordo e estimar a alegación 6ª nos termos indicados polos motivos recollidos no informe de data 02.09.2021 emitido polo director xeral de Defensa do Monte que figura no expediente, que serve de motivación a este acordo.*
4. Estimar as alegacións formuladas por Concepción Figueira Franco polos motivos recollidos no informe de data 02.09.2021 emitido polo director xeral de Defensa do Monte que figura no expediente.
5. Desestimar as alegacións formuladas por María Emilia Figueira Franco motivos recollidos no informe de data 02.09.2021 emitido polo director xeral de Defensa do Monte que figura no expediente.
6. Desestimar as alegacións formuladas por Diego Rodríguez Lojo motivos recollidos no informe de data 02.09.2021 emitido polo director xeral de Defensa do Monte que figura no expediente.

7. Desestimar as alegacións formuladas por Cristina Lobato Rey en representación da Asociación de Veciños do Araño polos motivos recollidos no informe de data 02.09.2021 emitido polo director xeral de Defensa do Monte que figura no expediente.

8. Desestimar as alegacións formuladas por María Ángeles Miguens García en representación da Comunidade Montes de Leiro polos motivos recollidos no informe de data 02.09.2021 emitido polo director xeral de Defensa do Monte que figura no expediente.

**SEGUNDO.-** Aprobar definitivamente a delimitación das redes secundarias de faixas de xestión de biomasa do Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Rianxo (PMPDIF), elaborado pola Empresa pública de Servizos Agrarios, SA (SEAGA) ao abeiro do Convenio colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias (DOG nº 156, do 17/08/2018), ao que o Concello de Rianxo está adherido, aprobación que se refire ao documento asinado por técnicos forestais competentes e recibido no Concello de Rianxo en data de 21.09.2021 mediante oficio do director xeral de Defensa do Monte.

**TERCEIRO.-** Notificar o presenta acordo aos interesados que presentaron alegacións indicados no punto primeiro do presente acordo.

**CUARTO.-** Publicar no BOP e na sede electrónica do Concello anuncio relativo á aprobación definitiva do referido Plan Municipal de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais do Concello de Rianxo.

**QUINTO.-** Dar traslado do acordo á Dirección Xeral de Defensa do Monte.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 13 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 3 dos membros do grupo PSOE, 3 dos membros do grupo PP e 1 voto da concelleira de Ciudadanos ), cero votos en contra e 1 abstencións (do concelleiro de Rianxo en Común) dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta

#### **4 PROPOSTA DE APOIO A ORGANIZACIÓN GALEGA DE COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS E MAN COMÚN (R.E. Nº 20220000001569 DE 10/05/2022)**

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Proposta relativa a PROPOSTA DE APOIO A ORGANIZACIÓN GALEGA DE COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS E MAN COMÚN sen ditame previo de Comisión Informativa

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orden do día do presente Pleno da proposta da alcaldía sen ditame previo da Comisión Informativa, APROBÁNDOSE a citada inclusión por unanimidade dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

#### **A Organización Galega de comunidades de montes veciñais en man común (ORGACMM) SOLICITA PARA DEBATE EN SESIÓN PLENARIA A SEGUINTE PROPOSTA:**

Os montes veciñais en man común ocupan  $\frac{1}{4}$  do territorio galego.

Conforman unha titularidade singular de Galiza dado o seu carácter de titularidade xermánica. Están xestionados pola veciñanza comuneira entendida non como ente administrativo, senón como grupo social.

A posta en valor dos montes veciñais en man común debe levarse adiante de xeito multinacional e sustentábel. E dicir, conxugando territorio, persoas e gobernanza. O funcionamento asembleario e democrático das comunidades de montes encaixa perfectamente nestes postulados.

Organismos internacionais como a ONU ou a FAO manifestan que o futuro dos montes pasa por avanzar cara unha tenencia máis xusta destes territorios evitando a acaparáción dos mesmos en poucas mans e dando protagonismo os titulares dos montes. Estas premisas veñen sendo reais nos montes veciñais galegos dende tempos inmemoriais.

Os montes veciñais en man común son e, deben seguir sendo, espazos abertos. As súas funcións sociais, medioambientais e culturais deben beneficiar a sociedade galega no seu conxunto.

Malia todo o exposto, dende fai unha década estase modificando diversos artigos da Lei de montes veciñais e da Lei de montes de Galiza e promulgando leis colaterais (lei de simplificación administrativa, lei de fomento empresarial) que teñen por obxectivo sacarlle a veciñanza comuneira a xestión das súas terras para entregarllas a terceiros. Está previsto tamén a modificación da Lei de montes veciñais actualmente vixente, co obxectivo de desnaturalizar os montes veciñais eliminando a súa característica de titularidade xermánica para convertelos en titularidades de carácter privado.

Por estas razóns a Organización Galega de comunidades de montes veciñais en man común (ORGACMM) está promovendo mediante unha iniciativa Lexislativa Popular (documento anexo na documentación), que o Parlamento Galego debata unha Lei de montes veciñais que conteña como liñas fundamentais:

- Reforzar o carácter xermánico da titularidade veciñal e recoñecer a titularidade veciñal como unha mais e distinta das titularidades públicas e privadas.

- Considerar os aproveitamentos e usos dos montes veciñais como aproveitamentos e usos dos montes veciñais.
- Acadar un monte veciñal multifuncional e sustentábel ao servizo da veciñanza comuneira e a sociedade no seu conxunto.
- Recoñecer os montes veciñais como unha figura de protección medioambiental e cultural en si mesmos.

Por todo o exposto, a Organización Galega de comunidades de montes veciñais en man común (ORGACMM) **SOLICITA A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:**

**O apoio da corporación municipal do Concello de RIANXO a Iniciativa Lexislativa Popular (anexada na documentación) promovida pola ORGACMM para a elaboración dunha Lei de montes veciñais**

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

**5 PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL PSdeG-PSOE, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A QUE TOME MEDIDAS URXENTES PARA MELLORAR A ATENCIÓN DAS PERSOAS USUARIAS DO CENTRO DE SAÚDE DE RIANXO NA QUENDA DE TARDE. (R.E. Nº 20220000001723 DE 20/05/2022)**

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Proposta relativa a PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL PSdeG-PSOE, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A QUE TOME MEDIDAS URXENTES PARA MELLORAR A ATENCIÓN DAS PERSOAS USUARIAS DO CENTRO DE SAÚDE DE RIANXO NA QUENDA DE TARDE sen ditame previo de Comisión Informativa

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orden do día do presente Pleno da proposta da alcaldía sen ditame previo da Comisión Informativa, APROBÁNDOSE a citada inclusión por unanimidade dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O sistema sanitario público galego está padecendo, en especial a Atención Primaria, unha situación de desatención por parte do Goberno galego que provoca que a cidadanía, sobre

todo a dos núcleos rurais, se atope desprotexida nun dos seus dereitos fundamentais como é o da Sanidade.

Isto está a acontecer no Centro de Saúde do Concello de Rianxo, onde a atención sanitaria polas tardes é moi deficitaria pese ao esforzo do persoal facultativo e técnico.

Moitas persoas usuarias da quenda da tarde tardan dúas semanas en concertar unha cita co seu médico/a mesmo para renovar receitas e non atopan resposta na atención telefónica, véndose obrigadas moitas delas a acudir de maneira presencial ao centro de saúde.

Esta situación ten boa parte de explicación na inexistencia do Punto de Atención Continuada en horario de tarde os días laborables (só funciona de 22:00 a 8:00 horas).

Ao non dispor dese servizo de urxencias polas tardes, as persoas que precisan de atención médica desprázanse ao centro de saúde igualmente, de xeito que o persoal facultativo desa quenda ten que atender aos seus doentes e tamén os casos imprevistos, co conseguinte desbordamento na carga de traballo que isto lles supón. É por isto que este Centro de Saúde vese en serias dificultades para que alguén queira ocupar esas prazas de maneira estable.

A maiores, e dadas as dificultades de concertar nun tempo razoable unha cita co facultativo desa quenda, moitos doentes acoden ao servizo de PAC para consultas que deberan tramitarse pola vía ordinaria.

Por todo isto, e para ofrecer un servizo de saúde digno a toda a poboación do Concello de Rianxo, faise necesario dotar a quenda ordinaria da tarde do persoal suficiente e adiantar o horario do PAC ás 15:00 horas, como acontece na práctica totalidade dos centros de Atención Primaria de Galicia e como reclaman máis de 3.000 rianxeiros e rianxeiras coas súas sinaturas que xa entregaron ao Sergas.

Polo tanto, o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE de Rianxo presenta para á aprobación polo Pleno o seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galicia a:

- 1) Dotar do persoal facultativo suficiente á quenda da tarde de Atención Primaria do Centro de Saúde de Rianxo, garantindo unha cobertura estable das prazas.
- 2) Adiantar o horario do PAC de Rianxo ás 15 horas para así poder evitar que se siga producindo ese colapso nas consultas cando teñen que atender os casos urxentes que se presentan.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a

constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

## PARTE DE CONTROL

### 6 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO

A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/04/2022 ata o 30/04/2022, que comprenden os números 259/2022 ao 334/2022, e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión.

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 5 da Sesión extraordinaria do día 08/04/2022
- Acta nº 6 da Sesión extraordinaria do día 28/04/2022

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

### 7 DACIÓN DE CONTRA DO INFORME SOBRE O RESULTADO DO CONTROL INTERNO EN 2021 (ICI 2021)

Expte.: 2022/X998/000063

Dáselle conta ao Pleno do informe de Intervención emitido o 28/04/2022 (e rectificado o 05/05/2022), relativo ao resultado do control interno en 2021, ao abeiro do artigo 37 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, do réxime xurídico do control interno do Sector Público Local:

---

#### INFORME DE INTERVENCIÓN

#### **Informe resumen sobre o resultado do control interno en 2021. Concello de Rianxo**

Expte.: 2022/X998/000063

*Nota: este informe corrixe erros materiais do emitido o 28/04/2022, que foi e que se remitiu á Intervención Xeral da Administración do Estado.*

## 1. INTRODUCCIÓN



De acordo co establecido no artigo 37 do RD 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, o órgano interventor deberá elaborar con carácter anual e con ocasión da aprobación da Conta Xeral, o informe resumen dos resultados de control interno sinalado no artigo 213 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo. Este informe resumen será remitido ao Pleno, a través do Presidente da Corporación. O 06/04/2020 publicouse no BOE núm. 96 a Resolución do 2 de abril de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado (IGAE), pola que se establecen as instrucións ás que haberán de axustarse o contido, estrutura e formato do informe resumen, así como a solicitude do informe preio á resolución de discrepancias e a remisión de información contable e informes de auditoría de contas anuais das entidades do sector público local.

**Réxime de control interno:** ordinario (aplícase o réxime normal de contabilidade local)

**Ámbito temporal:** exercicio 2021

## 2. ALCANCE DO INFORME

### 2.1 Consideracións xerais

Durante o exercicio 2021 as actuacións de control interno foron as derivadas de:

- A función interventora
- O control financeiro permanente, fundamentalmente, o derivado das esixencias do ordenamento xurídico. Unha das principais limitacións na función do control interno é a realización dunha función interventora de carácter pleno e unha omisión de actuacións planificadas de control financeiro, xa que se carece dun Plan Anual de Control Financeiro ( PACF). Así, aínda que o control interno abarca fundamentalmente, todo o orzamento de gastos, practicamente non leva a cabo en relación aos ingresos.

En relación á función interventora, os datos de partida son os informes de reparo realizados ao longo do exercicio e que son remitidos ao Tribunal de Contas, e os demais informes realizados durante o exercicio 2021 respecto a aquelas cuestións sometidas a fiscalización da intervención. E diso derívanse as seguintes cuestións a ter en conta para que a través de futuros plans de acción poidanse tomar en consideración para a súa mellora. Os medios persoais cos que se contou para realizar a función de control interno foron os seguintes:

- Intervención FHN, categoría de entrada, cuberta en propiedade.
- Técnico/a de Intervención, para o que se esixe licenciatura: posto cuberto por persoal laboral temporal.

- Administrativo/a: posto cuberto por persoal laboral temporal.

A dotación de medios persoais é insuficiente #ante o crecente número de obrigacións atribuídas ao departamento. Actualmente, está a levarse fundamentalmente a función interventora e non un labor sistematizado de control financeiro. Cos medios dos que se dispoñen, resulta moi complicado levalo a cabo. Por outra banda, expedientes importantes como son a aprobación do orzamento anual, a liquidación orzamentaria e a conta xeral non se están tramitando dentro dos prazos legalmente previstos. Un motivo fundamental é a elevada carga de traballo relativa ao número de persoal do departamento. Hai que ter en conta que nos últimos exercicios, non só se incrementou o número de obrigacións previstas na normativa, senón tamén a súa complexidade, dado o aumento de normas de rango legal, especialmente reais decretos-leis, que obrigan a unha continua actualización de coñecementos e expedientes.

### 3. CONCLUSIÓNS E RECOMENDACIÓNS

A continuación expoñeranse as conclusións máis relevantes que se deduzan das actuacións de control realizadas, segundo a súa modalidade.

Os resultados contidos neste informe resumen son os que esta Intervención considerou oportuno expoñer como aspectos máis significativos pola súa relevancia cuantitativa ou cualitativa, pola súa reiteración, ou polas súas circunstancias, obtidos a partir de actuacións de función interventora. E considerando que ante a falta de medios son as áreas nas que pode comezar antes a traballar para a súa mellora.

#### 3.1 Función interventora

Como se acaba de expoñer, esta función comprende case a totalidade do exercicio do control interno. Para extraer as conclusións, tomarei como referencia os importes dos informes con resultado desfavorable (ou reparo) e comparareinos cos datos do avance da liquidación do orzamento de gastos.

Cap	Descrición	Créditos iniciais (CI)	Modificacións de crédito (MC)	Créditos definitivos (CD)	Obrigas recoñecidas (O)	Pagos ordenados (P)	Pagos realizados (R)
1	Gastos de persoal	3.164.885,48	435.879,30	3.600.764,78	3.084.879,59	3.084.879,59	3.084.879,59
2	Gastos en bens correntes e servizos	4.039.694,35	1.209.810,95	5.249.505,30	4.734.033,91	4.694.228,87	4.681.574,94
3	Gastos financeiros	18.000,00	0,00	18.000,00	7.258,45	7.251,87	7.251,87
4	Transferencias correntes	313.495,01	226.922,50	540.417,51	408.878,69	376.575,89	376.575,89
6	Investimentos reais	885.278,45	1.952.635,68	2.837.914,13	587.558,59	571.059,64	565.730,54
7	Transferencias de capital	0,00	142.127,84	142.127,84	1.559,24	1.559,24	1.559,24
8	Activos financeiros	10.000,00	0,00	10.000,00	0,00	0,00	0,00
9	Pasivos financeiros	220.517,93	0,00	220.517,93	203.592,43	203.592,43	203.592,43
<b>Total</b>		<b>8.651.871,22</b>	<b>3.967.376,27</b>	<b>12.619.247,49</b>	<b>9.027.760,90</b>	<b>8.939.147,53</b>	<b>8.921.164,50</b>

Cap	Descrición	Créditos iniciais (CI)	Modificacións de crédito (MC)	Créditos definitivos (CD)	Obrigas recoñecidas (O)	Pagos ordenados (P)	Pagos realizados (R)
1	Gastos de persoal	3.053.643,20	747.434,36	3.801.077,56	3.117.767,36	3.308.098,55	3.117.736,86
2	Gastos en bens correntes e servizos	3.609.277,78	634.006,55	4.243.284,33	3.824.751,78	3.448.161,88	3.443.985,73
3	Gastos financeiros	30.000,00		30.000,00	9.587,84	9.587,84	9.587,84
4	Transferencias correntes	252.416,06	5.875,55	258.291,61	193.218,35	130.601,53	130.301,53
6	Investimentos reais	224.375,59	2.462.767,73	2.687.143,32	753.963,22	734.939,89	734.939,89
7	Transferencias de capital	0,00	129.137,00	129.137,00	47.879,83	0,00	0,00
8	Activos financeiros	10.000,00	0,00	10.000,00	0,00	0,00	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00	117.512,96	117.512,96	117.512,96	117.512,96	117.512,96
<b>Total</b>		<b>7.179.712,63</b>	<b>4.096.734,15</b>	<b>11.276.446,78</b>	<b>8.064.681,34</b>	<b>7.748.902,65</b>	<b>7.554.064,81</b>

De acordo con el resumen de los reparos realizados en el ejercicio, su importe asciende a 3.936.214,98 €. Hay que tener en cuenta que un mismo gasto puede tener varios motivos de reparo. En el importe indicado se incluyen todos los importes con informe desfavorable, aunque se correspondan con un mismo justificante o expediente de gasto.

En el año 2020 el importe de gasto con informe desfavorable y que continuó su tramitación ascendió a 3.146.795,60 €.

### 3.1.1 Ámbito de la contratación administrativa

#### Conclusión: se trata de la modalidad de gasto con mayor nivel de fiscalización desfavorable

De acordo co resumo dos reparos realizados no exercicio, o seu importe ascende a 3.936.214,98 €. Hai que ter en conta que un mesmo gasto pode ter varios motivos de reparo. No importe indicado inclúense todos os importes con informe desfavorable, aínda que se correspondan cun mesmo xustificante ou expediente de gasto.

No ano 2020 o importe de gasto con informe desfavorable e que continuou a súa tramitación ascendeu a 3.146.795,60 €.

Modalidad de gasto	Importe 2021	Peso relativo 2021 (%)
Contratación	3.693.305,70	89,09%
Contratación/otros procedimientos	300,00	0,01%
Convenios	3.000,00	0,07%
Pagos	2.256,17	0,05%
Pagos a justificar	456,87	0,01%
Personal	377.188,24	9,10%

Modalidad de gasto	Importe 2021	Peso relativo 2021 (%)
Subvención	68.864,90	1,66%
<b>Total Resultado</b>	<b>4.145.371,88</b>	<b>100,00%</b>

As principais deficiencias detectadas son:

Omisión do procedemento de contratación en canto á verificación previa de existencia de crédito adecuado e suficiente.

Utilización da contratación menor en supostos nos que é esixible a licitación, sendo a maioría, prestacións de carácter estrutural.

Omisión do requisito de existencia de crédito

Modalidad de gasto	Motivo de reparo	Importe 2021	Peso relativo 2021 (%)
Contratación	Falta de capacidade do contratista para a contratación	1.210,00	0,03%
	Falta de crédito orzamentario sen que se tramitase a tempo unha modificación orzamentaria	242.082,33	6,55%
	Falta de desagregación da factura	28.882,70	0,78%
	Falta de xustificación do incremento do prezo do servizo de recollida de RSU	46.653,58	1,26%
	La prórroga se acordó cuando el contrato estaba vencido, por lo que procedía una nueva contratación	25.290,75	0,68%
	Omisión de existencia de crédito no momento da contratación	813.268,72	22,02%
	Omisión de licitación	2.117.920,80	57,34%
	Omisión de trámites esenciaes en el expediente de adjudicación directa	7.500,00	0,20%
	Omisión do procedemento da contratación menor	396.779,47	10,74%
	Omisión do procedemento de tramitación da modificación do contrato	12.284,34	0,33%
Contratación/otros procedementos	Omisión do procedemento da contratación menor	1.433,01	0,04%
	Falta de justificación del título de propiedad de los locales por los que se pagan las cuotas comunitarias	300,00	0,01%
<b>Total Resultado</b>		<b>3.693.605,70</b>	<b>100,00%</b>

### Recomendacións:

1. Impulsar a elaboración e aprobación dun plan de contratación que temporalice de forma realista a licitación das prestacións de carácter estrutural. Esta é unha das medidas recomendadas polo Consello de Contas dentro do seu procedemento de Fiscalización das resolucións e acordos contrarios aos reparos e dos expedientes con omisión de fiscalización previa. Concellos de 10.001 a 20.000 habitantes. Provincia da Coruña. Exercicio 2016.
2. Intensificación da utilización do procedemento da contratación menor, que tivo un seguimento maior en 2021 con respecto do exercicio 2020.
3. Regulación dun procedemento agravado para os recoñecementos extraxudiciais de crédito ( REC), seguindo o criterio do Tribunal de Contas<sup>1</sup>, á vista do importante volume deste tipo de procedementos. O contido deste expediente sería:
  - Informe do órgano xestor sobre as causas que xeraron o REC. Este informe deberá acreditar as prestacións que se realizaron, se o provedor actuou por orde da administración, canto tempo leva executándose esa prestación de forma irregular, unha valoración acerca de se os prezos axústanse aos de mercado, así como os efectos da suspensión da prestación.
  - Informe do Servizo Xurídico, que deberá pronunciarse sobre a procedencia de instar a revisión de oficio.
  - Informe da Intervención Municipal, de carácter preceptivo e non vinculante. Á vista dos informes anteriores, deberá valorar a aplicación do principio de enriquecemento sen causa, ademais doutras circunstancias como o seu carácter recorrente ou o perxudicio do interese público derivado da suspensión inmediata do servizo.
  - Informe-proposta do órgano xestor sobre o título xurídico do que nacerá a obriga que soportará o REC: revisión de oficio e posterior liquidación de nulidade ou liquidación da obriga económica pendente.
  - Aprobación do REC polo Pleno.

Con todo, hai que indicar que os gastos pendentes de aplicación orzamentaria ao 31 de decembro, cuantificados no saldo da conta (413XX) experimentou unha drástica redución en 2021 (89,30%), pasando de 829.469,01 en 2020 a 88.764,26 no ano seguinte.

### 3.1.2 Ámbito do persoal municipal

#### Conclusións:

#### 1. Necesidade da constitución dun Departamento de Persoal

Nos diferentes informes de Intervención das obrigacións dos expedientes de nómina pónse de manifesto con carácter reiterado a súa elaboración tardía e a existencia de pequenas incidencias a emendar antes da súa aprobación ou, de non ser posible, a regularizar no mes seguinte. Estas incidencias non dan lugar á emisión de reparo pola posibilidade de regularizarse na mensualidade seguinte, pero si evidencian a necesidade de que debe constituírse un departamento específico na área de Persoal. Actualmente, a xestión de nóminas e seguros sociais realízase no Departamento de Emprego, tamén vinculado á Área de Promoción Económica. Dado o tamaño do persoal do Concello

de Rianxo, non inferior a 90 empregados/ as e que chega a alcanzar os 130 coas contratacións temporais inferiores ao ano.

## 2. Utilización sistemática da contratación laboral temporal para funcións de carácter estrutural

Trátase dunha deficiencia estrutural que afecta á maior parte do o persoal. En 2021 os informes de reparo por novas contratacións laborais temporais para desenvolver tarefas de carácter estrutural ascendeu a un importe de 111.277,03 €.

Modalidad de gasto	Motivo do reparo	Importe 2021
Personal	Contratación laboral temporal	111.277,03
	Horas extraordinarias	19.883,19
	Movilidad funcional	19.257,33
	Otros (ausencia de temario en las bases)	23.997,00
	Otros (falta de información en el expte. De nómina)	821,61
	Otros (imposibilidad material para ejecutar la convocatoria en el plazo de 3 años desde la aprobación de la oferta de empleo público)	77.632,12
	Otros (designación de persoal laboral temporal como parte del tribunal calificador)	124.319,96
<b>Total Resultado</b>		<b>377.188,24</b>

## 3. Existencia de mobilidade funcional do persoal con carácter estrutural sen tramitación do expediente administrativo.

Os informes de reparo emitidos por este motivo ascenderon a 19.257,33 €.

Modalidad de gasto	Motivo do reparo	Importe 2021
Personal	Contratación laboral temporal	111.277,03
	Horas extraordinarias	19.883,19
	Movilidad funcional	19.257,33
	Otros (ausencia de temario en las bases)	23.997,00
	Otros (falta de información en el expte. De nómina)	821,61
	Otros (imposibilidad material para ejecutar la convocatoria en el plazo de 3 años desde la aprobación de la oferta de empleo público)	77.632,12
	Otros (designación de persoal laboral temporal como parte del tribunal calificador)	124.319,96
<b>Total Resultado</b>		<b>377.188,24</b>

### Recomendacións:

1. Impulsar a elaboración dunha relación de postos de traballo (RPT) que priorice conseguir unha estrutura organizativa da entidade o máis eficiente posible dentro das posibilidades orzamentarias e que ofrece a taxa de reposición.

2. Priorizar a creación dun posto de traballo e praza adscrito a un Departamento de Persoal.
3. Impulsar os procedementos de estabilización do emprego temporal, que xa resultan obrigados pola Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

### 3.1.3 Xestión orzamentaria

No informe relativo ao exercicio 2020 conclúin que se daba unha situación de insuficiencia orzamentaria de carácter estrutural. No exercicio 2021 aínda o motivo de reparo por insuficiencia de crédito no momento de realización do gasto tivo un peso relativo considerable, sendo o segundo motivo de reparo en termos cuantitativos:

Modalidad de gasto	Motivo de reparo	Importe 2021	Peso relativo 2021 (%)
Contratación	Falta de capacidade do contratista para a contratación	1.210,00	0,03%
	Falta de crédito orzamentario sen que se tramitase a tempo unha modificación orzamentaria	242.082,33	6,55%
	Falta de desagregación da factura	28.882,70	0,78%
	Falta de xustificación do incremento do prezo do servizo de recollida de RSU	46.653,58	1,26%
	La prórroga se acordó cuando el contrato estaba vencido, por lo que procedía una nueva contratación	25.290,75	0,68%
	Omisión de existencia de crédito no momento da contratación	813.268,72	22,02%
	Omisión de licitación	2.117.920,80	57,34%
	Omisión de trámites esenciaes en el expediente de adjudicación directa	7.500,00	0,20%
	Omisión do procedemento da contratación menor	396.779,47	10,74%
	Omisión do procedemento de tramitación da modificación do contrato	12.284,34	0,33%
	Omisión do procedemento da contratación menor	1.433,01	0,04%
Contratación/otros procedementos	Falta de justificación del título de propiedad de los locales por los que se pagan las cuotas comunitarias	300,00	0,01%
<b>Total Resultado</b>		<b>3.693.605,70</b>	<b>100,00%</b>

Iso débese ao volume de gastos pendentes de aplicación a 31/12/2020, que se aplicaron ao orzamento, maioritariamente por recoñecemento extraxudicial, no exercicio 2021. No ano 2022, a redución do saldo da conta (413XX) debería quedar reflectido nunha redución do peso relativo deste motivo de reparo.

## Recomendacións

1. Polo lado do estado de ingresos: valorar a conveniencia e posibilidade de incrementar o nivel de autofinanciamento dos servizos públicos mediante a modificación das ordenanzas fiscais e de prezos públicos e mediante a colaboración do sector privado (patrocinios...).

### 3.1.4 Concesión de subvenciones

#### Conclusións:

##### 1. O procedemento de concorrencia competitiva é residual

Actualmente, este concello concede unha serie de subvencións nominativas que figuran en todos os orzamentos (trátase basicamente de subvencións a entidades benéficas e de pequena contía, e tamén a algunha entidade deportiva concreta). Nos últimos exercicios recomendouse a convocatoria de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, de modo que a concesión directa sexa unha excepción.

Ademais, hai que sinalar que no caso das subvencións a entidades deportivas, a maior parte delas facturan ao concello pola impartición de escolas deportivas que non contan con contrato. Detectouse que para as mesmas actividades, as entidades perciben ingresos municipais en concepto de subvención e de facturación. Este aspecto urxe solucionalo a partir dunha convocatoria pública de subvencións.

##### 2. Falta dun Plan Estratégico de Subvencións

A elaboración deste documento está prevista no artigo 8 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións:

*“1. Os órganos das Administracións públicas ou calquera entes que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria”.*

#### Recomendacións:

1. Elaborar un Plan Estratéxico de Subvencións, xa que o concello non conta con el.
2. Establecer como réxime xeral a convocatoria de subvencións en réxime de concorrencia competitiva a entidades sen ánimo de lucro.



### 3.2 Control financeiro permanente

Esta función de control interno consistiu na emisión de informes esixidos pola normativa aplicable e por petición da Alcaldía ou Secretaría Municipal:

- Informe previo á aprobación da prórroga do orzamento de 2021 a 2022.
- Informe previo á liquidación do orzamento.
- Informe previo á aprobación do orzamento.
- Informes previos ás modificacións orzamentarias.
- Informe previo á modificación das bases de execución do orzamento.
- Informes previos á aprobación inicial da modificación de ordenanzas fiscais.
- Informes previos relativos a procedementos de selección para a creación de listas de contratación: aprobación de bases de selección e da convocatoria, así como os informes previos ás aprobacións das ditas listaxes.
- Informes previos á aprobación de prezos públicos.
- Información remitida ao Ministerio de Facenda.
- Outros:
  - Expte. 2020/X999/001568: Informe previo á aprobación do Plan de Acción para o Clima e Enerxía Sostible (PACES).
  - Expte. 2020/X998/000007: criterios de contabilización das cotas dos seguros sociais do persoal municipal, exercicio 2020.
  - Expte. 2021/X998/000031: modificación do criterio interpretativo da Intervención Municipal na tramitación dos recoñecementos extraxudiciais á luz do informe de fiscalización do Tribunal de Contas núm. 1415.
  - Expte. 2021/X999/000197: comprobación da dedución de haberes por ausencias non xustificadas do Taller de emprego Carneiro Valenzuela II.
  - Expte. 2016/ C005/00003: reaxuste de anualidades do contrato de arrendamento con e sen opción de compra dos equipos de impresión e dixitalización.
  - Expte. 2019/ C005/000001: reaxuste de anualidades do contrato de subministración e instalación do equipamento Wifi e servizos de mantemento e conexións de datos para desenvolve o proxecto Wifi4EU.
  - Expte. 2018/A008/000001: informe sobre a necesidade de proceder ao reintegro da subvención de Risga 2018, debido á execución dun gasto inferior ao importe da axuda.
  - Expte. 2019/A008/000003: informe sobre a necesidade de proceder ao reintegro da subvención de Risga 2019, debido á execución dun gasto inferior ao importe da axuda.
  - Expte. 2020/ Q003/000009: informe relativo á cuantificación de intereses correspondentes a unha sentenza xudicial.

- Expte. 2021/A008/000043: informe sobre a advertencia de posible incumprimento da normativa de contratación das prescricións técnicas da subministración de mobiliario de Vivendas dos mestres.

Coa entrada en vigor do Orzamento 2021 e as súas bases de execución, o 05/10/2021, estableceuse un sistema de fiscalización de requisitos básicos nos expedientes de nómina e de concesión de subvencións. Iso obriga á elaboración dun control financeiro posterior, que se deberá desenvolver en 2022 e programar nun Plan Anual de Control Financeiro.

### Conclusións e recomendacións

1. Hai unha debilidade clara do exercicio do control financeiro, que urxe remediar mediante a aprobación dun Plan Anual de Control Financeiro.
2. Dada a insuficiencia de dotación de persoal, é necesario implantar un réxime de fiscalización limitada ou de requisitos básicos para permitir o desenvolvemento do control financeiro.

### 3.3 Auditoría pública

Non se realizaron auditorías públicas. O Concello de Rianxo non ten ningunha entidade das enumeradas no art. 29.3.A) do RD 424/2017.

As conclusións e recomendacións son as mesmas que no apartado 3.2.

## 4. DEFICIENCIAS

Son as indicadas no apartado 3 deste informe e que requiren a adopción de medidas correctoras a través dun plan de acción elaborado polo Presidente da Corporación co obxecto de ir introducindo melloras aos poucos nos próximos exercicios.

1. **Ámbito da contratación administrativa: elaborar un Plan Anual de Contratación**
  1. Elaborar unha lista dos contratos de carácter estrutural que superou os límites da contratación menor.
  2. Elaborar un cronograma realista, de acordo coas dispoñibilidades de persoal existentes e a complexidade dos contratos, que preveña a licitación das devanditas prestacións.
  3. Aprobación do Plan Anual de Contratación.
2. **Ámbito da contratación administrativa: Regulación do procedemento de recoñecemento extraxudicial de créditos:**
  1. Por parte da Intervención deberá valorarse o impacto da regulación do procedemento das propostas de gasto aprobado en 2020. Así mesmo, deberán extraerse conclusións sobre as principais dificultades no cumprimento da devandita regulación.

2. A Intervención deberá emitir unha proposta de modificación das BEO para regular o procedemento de REC.
3. Ámbito da xestión de persoal:
  1. Ordenación dos postos de traballo: a elaboración da RPT é un expediente complexo, pero debería sistematizase o seu proceso de elaboración.
4. Xestión de subvencións:
  1. Elaboración polos órganos xestores dunha proposta de modificación da actual Ordenanza Xeral de Subvencións para incluír os criterios de concesión ponderados no procedemento de concorrencia competitiva, ou propoñer unha ordenanza específica segundo o tipo de subvención.
  2. Elaboración dun Plan Estratéxico de Subvencións.
5. Exercicio do control interno: elaboración por parte da Intervención Municipal dun Plan Anual de Control Interno que inclúa, entre outros, o control financeiro posterior dos expedientes suxeitos a fiscalización limitada en 2021.

## 5 VALORACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN ANTERIOR

Non procede porque non hai plan de acción anterior.

Emítese este informe para o seu coñecemento pola Alcaldía, fin de que se remita ao Pleno da Entidade Local (con ocasión da aprobación da Conta Xeral) e á Intervención Xeral do Estado.

Sendo o resultado do control permanente: con efectos informativos

Rianxo, xoves 5 de maior de 2022

A interventora, Patricia Fernández Pérez

---

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

## PROPOSTAS FORA DA ORDE DO DÍA

## MOCIÓNS DE URXENCIA

**APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO ANEXO I: ACORDO DE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2022" DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.**

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á votación a

ratificación da inclusión na orde do día da proposta relativa a APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO ANEXO I: ACORDO DE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2022" DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA., sen contar con ditame previo de Comisión Informativa, dado que o expediente non estaba rematado para ser sometido á sesión ordinaria da Comisión Informativa na data en que procedía a súa convocatoria, sendo preciso aprobar canto antes o acordo relativo ao citado expediente aos efectos de poder subir a plataforma SUBTEL da Deputación Provincial da Coruña antes do luns 30 de maio.

Resultando APROBADA a citada inclusión por unanimidade dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

Vistas as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) "POS+ 2022", aprobadas polo pleno da Deputación Provincial de A Coruña, con data 26 de novembro de 2021.

Vistos os distintos informes emitidos polos servizos municipais, necesarios segundo as bases reguladoras para completar o expediente.

Considerando que o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal constitúe un instrumento fundamental para o normal e correcto funcionamento dos servizos municipais posto que a contía asignada a gasto corrente supón un financiamento fundamental para os servizos públicos obrigatorios, que permite a redución do endebedamento do concello cos provedores e entidades financeiras e que os investimentos propostos contribúen a mellorar a calidade de vida dos veciños do concello respectando as esixencias de estabilidade e sustentabilidade financeira.

O Pleno da Corporación na sesión realizada o día 09/02/2022, acorda a PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2022" DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

Con data 25/03/2022 co número de Rexistro 20220000000977, recíbese neste Concello requirimento de subsanación da Deputación Provincial da Coruña, no que se indica o seguinte:

**POS+ 2022: COMUNICACIÓN AO CONCELLO SOBRE A DOCUMENTACIÓN PRESENTADA NESTA CONVOCATORIA**

*Ese concello presentou a través da PLATAFORMA SUBTEL desta deputación a documentación para participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2022", cuxas Bases foron aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 26 de novembro de 2021 (BOP número 228, do 30 de novembro de 2021). Revisada a documentación presentada, atopáronse as deficiencias que deseguido se indican:*

**ANEXO I**

-Na táboa do apartado 1B) "Financiamento de investimentos" correspondente á "Achega provincial 2022", na denominación do investimento deberá indicarse a súa situación para que non sexa unha denominación xenérica (Rúa Rosalía de Castro nº 6).

-Na táboa do apartado 1B) "Financiamento de investimentos" correspondente á "Achega provincial 2021", indícase como denominación do investimento "Acondicionamento do mobiliario das vivendas dos mestres, Rianxo-Bloque B", denominación que coincide exactamente coa doutro investimento que xa fora incluído no POS+ 2021. Non obstante, no proxecto técnico presentado nesta convocatoria e en todos os Anexos indícase Bloque A.

Deberá indicarse no dito Anexo I a denominación correcta.

Nesta mesma táboa na columna do "Orzamento total" faltan os decimais na última fila.

-Na táboa do apartado 1D "Resumo":

-O orzamento total da achega 2021, na fila B- Investimentos, o importe correcto é 97.478,42 € e non 97.478,87€

-Están sen cubrir os totais das filas de Achega 2022 e Achega 2021

Na táboa do apartado 2, relativa ao Plan complementario, na denominación do investimento "Dotación de redes de abastecemento e saneamento con depuración no lugar de Vilas, no Concello de Rianxo", falta indicar Fase I.

Ademais, deberá eliminarse a cantidade de 3.130,53 € da columna de IVE soportado deducible e engadilo ao orzamento subvencionable, coincidindo deste xeito o orzamento de contrata e o orzamento subvencionable (168.420,21€), xa que a interventora do concello, no seu informe emitido o 21 de marzo de 2022, indica o seguinte:

"O IVE vinculado ás obras de abastecemento do proxecto "Dotación de redes de abastecemento e saneamento con depuración no lugar de Vilas, no Concello de Rianxo, fase 1" non ten o carácter de deducible no caso do Concello de Rianxo, xa que o servizo de abastecemento préstase por unha en réxime de xestión indirecta mediante concesión administrativa. Polo tanto, o importe íntegro do orzamento de contratación supón un gasto orzamentario para este concello".

Isto mesmo é aplicable ao outro investimento do Plan complementario denominado "Ampliación de varios tramos da rede de abastecemento de auga na parroquia de Taragoña", debendo eliminarse na dita táboa a cantidade de 18.542,58 € da columna de IVE soportado deducible e engadilo ao orzamento subvencionable, coincidindo deste xeito o orzamento de contrata e o orzamento subvencionable (106.840,58 €).

## **-ANEXO II**

Corrixir neste Anexo as táboas que conteñan os mesmos erros do Anexo I

### **NOTA:**

Estas deficiencias deberán ser corrixidas presentando a documentación necesaria como DOCUMENTACIÓN ADICIONAL/EMENDA

## **CONSIDERACIÓNS LEGAIS**

Segundo o establecido no artigo 109 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que sinala no seu apartado 2: "As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritmético existentes nos seus actos".

Considerando que as modificacións introducidas son correccións en cuestións técnicas que non afectan á natureza e finalidade dos investimentos a realizar nin a súa valoración económica, non alterándose os contidos dos proxectos presentados no seu día, e á vista das notificacións da Deputación da Coruña solicitando a aprobación dos proxectos e o ANEXO I.

Constan na plataforma SUBTEL da Deputación os ANEXOS de cada un dos proxectos modificados de acordo cos requirimentos remitidos a este Concello.

Considerando as cantidades asignadas a este Concello, a finalidade e o obxecto do Plan así como as demais instrucións contidas na circular do "POS+ 2022", é polo que se propón a adopción do seguinte, ACORDO:

1º.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2022"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2022", "achega provincial 2022" e "préstamo provincial 2022",

#### A ) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2022:

	Deputación
Achega provincial 2022 aplicada ao financiamento de gastos correntes	36.974,47
Achega provincial 2021 (Excepción da Base 2.1 final)	0,00
<b>Subtotal gasto corrente</b>	<b>36.974,47</b>

#### B ) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2022	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total Concello	
CAMBIO DE CUBERTA DE PAVILLÓN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DA PARROQUIA DE RIANXO NA RÚA ROSALIA DE CASTRO Nº 6 - MAIO 2022	171.432,87	0,00	0,00	0,00	171.432,87
<b>Subtotal investimentos</b>					

achega provincial 2022	171.432,87	0,00	0,00	0,00	171.432,87
------------------------	------------	------	------	------	------------

ACHEGA PROVINCIAL 2021 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello		
Achega municipal			IVE soportado deducible (só abastece. auga potable)	Total Concello	
INSTALACIÓN ELÉCTRICA EN CENTRO SOCIO-CULTURAL LICEO MARÍTIMO EN RIANXO VISADO 28/04/2022	38.749,94	0,00	0,00	0,00	38.749,94
ACONDICIONAMENTO DO MOBILIARIO DAS VIVENDAS DOS MESTRES, RIANXO-BLOQUE A MODIFICADO MARZO 2022	22.983,71	0,00	0,00	0,00	22.983,71
ILUMINACIÓN PASEO MARÍTIMO: SETEFOGAS-A TORRE - ABRIL 2022	31.626,31	4.118,46	0,00	4.118,46	35.744,77
Subtotal investimentos achega provincial 2021	93.359,96	4.118,46	0,00	4.118,46	97.478,42

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

### C) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2022 aplicado á redución da débeda
-----	0,00
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	0,00

### D)Resumo:

POS+ 2022 RESUMO DE FINANCIAMENTO	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Concello	IVE Soportado deducible (só abastecem. auga potable )	Total concello	

<b>A- GASTOS CORRENTES</b>	Achega 2022	36.974,47				36.974,47
	Achega 2021 (Excep. Base 2.1)	0,00				0,00
<b>B- INVESTIMENTOS</b>	Achega 2022	171.432,87	0,00	0,00	0,00	171.432,87
	Achega 2021	93.359,96	4.118,46	0,00	4.118,46	97.478,42
<b>C- REDUCCIÓN DÉBEDA</b>	Préstamo 2022	0,00				0,00
	Achega 2022	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	Achega 2021	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	Préstamo 2022	0,00				0,00
	<b>TOTAL</b>	<b>301.767,30</b>	<b>4.118,46</b>	<b>0,00</b>	<b>4.118,46</b>	<b>305.885,76</b>

2º.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2022 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento contrata (encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable) (A)	IVE soportado deducible (encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecement o auga potable) (B)	Orzamento subvencionable (encher esta columna se se encheo a columna B por actuacións de abastecemento) (C= A-B)
DOTACIÓN DE REDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMIENTO CON DEPURACIÓN NO LUGAR DE VILAS, NO CONCELLO DE RIANXO FASE I MODIFICACIÓN 04/04/2022	168.420,21		168.420,21
AMPLIACIÓN DE VARIOS TRAMOS DA REDE DE ABASTECIMIENTO DE AUGA NA PARROQUIA DE TARAGOÑA MODIFICACIÓN 19/05/2022	106.840,58		106.840,58
<b>TOTAIS</b>	<b>275.260,79</b>		<b>275.260,79</b>

3º.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto ou ten solicitado/presentado, de conformidade cos informes técnicos obrantes no expediente, os/as informes/autorizacións/declaracións responsables/comunicacións previas precisos/as relacionado/as coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.



- 4º.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2022 Base, se a houbera.
- 5º.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.
- 6º.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan.
- 7º.- Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 8º.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Non obstante o Pleno acordará o que estime pertinente.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

## 8 ROGOS E PREGUNTAS

### DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2022/G010/000007 e identificado pola pegada dixital:

**b70777dc4f4aa32d3b19963338e4863013dd99284435afe91028914c49b72af4**

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://www.youtube.com/watch?v=H5Xb7dtzqvE>